



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U, PARA ELABORAR E PUBLICAR EN “LA VOZ DE GALICIA”, INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O/A secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que este/a Consellería de Economía, Emprego e Industria formalizou coa CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21 de febreiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para informar e difundir a través do xornal “La Voz de Galicia” contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería mediante 7 monográficos de “obxectivo: innova”, de oito páxinas cada un.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecerla directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.





A Xunta de Galicia en xeral e a Consellería de Economía, Emprego e Industria en particular, amósanse receptivas con todo aquilo que signifique estudo, información e documentación que contribúa a achegar á cidadanía galega o coñecemento das actividades que se levan a cabo desde a Xunta de Galicia e que poidan resultar do seu interese por centrarse en materias como o emprego, a industria forestal, a innovación, e a dinamización empresarial.

Por outra banda, a Corporación Voz de Galicia realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Consellería Economía, Emprego e Industria en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

asinado dixitalmente)

